



Vista xeral da Biblioteca de Xaquín Lorenzo no Museo do Pobo Galego

ANA I. MATEOS VARA

ROSA M^a. MÉNDEZ GARCÍA

Ana I. Mateos Vara é Licenciada en Documentación pola Universidad de Salamanca. Bibliotecaria e arquivista, ten desenvolto a súa vida profesional no Archivo General de Simancas, Consejería de Economía y Hacienda de Castilla y León, Consorcio de Bibliotecas Universi-

tarias de Galicia e bibliotecas de diversa titularidade. Colabora de xeito habitual coa Biblioteca do Museo do Pobo Galego.

Rosa M^a Méndez García é a responsable da Biblioteca e Arquivo documental do Museo do Pobo Galego. Licenciada en Xeografía e Historia, Sección Galicia, forma parte do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, así como do equipo de redacción da revista *Adra*.

de *Xaquín Lorenzo*

no Museo do Pobo Galego:

Unha escolma dos documentos *alleos*

Ana I. Mateos Vara
Rosa M^a. Méndez García

Par que nace o Museo nace tamén a súa Biblioteca, unha arela máis do compromiso daquelas persoas que participaron, e seguen a participar, neste proxecto. O xerme da gran biblioteca e arquivo dos que hoxe podemos dispoñer para a súa consulta e goce está constituído polos legados e doazóns de bibliotecas e arquivos persoais.

Foi o fondo de Xaquín Lorenzo Fernández, en 1990, a primeira dunha serie de achegas, ata hoxe ininterrompida, de importantes conxuntos bibliográficos e documentais. Así, a esta primeira iniciativa fóronse sumando a biblioteca de Xesús Taboada Chivite e a súa colección de documentos (depósito dos seus herdeiros no 1992); entre os anos 1990-1994 incorpórase o arquivo e biblioteca de Antonio Fraguas Fraguas; posteriormente, en 1995, chega o de Antonio Rodríguez Fraiz; no 2002 serán a biblioteca e arquivo de Manuel Beiras García; de Santiago de Compostela procede tamén a doazón da Biblioteca da Familia Baltar no ano 2005; e no 2014 entra a de Xosé M^a Álvarez Blázquez, por doazón dos herdeiros. Todas elas contan cun espazo propio no Museo do Pobo Galego (MPG).

Ao igual que o seu nome ten un enorme valor para a antropoloxía galega, Xaquín Lorenzo é unha das figuras fundamentais para contar a historia do MPG, máis alá de ter sido o seu primeiro presidente do Padroado.

Inaugurado no 1977, desde ese momento D. Xaquín, aproveita cada visita á institución para traer sempre algún libro ou documento para a biblioteca... Pero será, tralo seu pasamento, o 19 de xullo de 1989, cando Xosé Lino Vázquez Monxardín, actuando como o seu testamenteiro e seguindo as súas mandas, no 1990 fai chegar ao MPG o legado que segundo as estipulacións ha de ser compartido tamén coa Fundación Penzol e a Fundación Trasalba.

O seu arquivo é unha mostra da súa vida, tanto profesional como persoal. Nas 61 caixas que o constitúen podemos encontrar documentos biográficos de índole persoal, de formación académica, correspondencia, documentos relacionados coa súa función docente, así como co desenvolvemento da súa actividade intelectual (notas manuscritas, borradores,...), dos actos e homenaxes que foi recibindo, correspondencia,...



Parte do Arquivo de Xaquín Lorenzo

O arquivo está dividido como segue:

CADRO DE CLASIFICACIÓN

DOCUMENTACIÓN PERSOAL:

- *biográficos* (carnés, cédulas, títulos da vida militar, tarxetas, certificados, axendas...)
- *estudos e formación académica* (diplomas, títulos, certificados universitarios, apuntes, carné da Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela)
- *honras e premios* (diplomas dos Xogos Florais, premios, encomendas, medallas, recoñecementos civís, nomeamentos, homenaxes).
- *correspondencia* de diversos remitentes, ás veces de índole familiar, ás veces de carácter privado e ta-

mén, por suposto, relacionada cos seus traballos intelectuais. Cabe sinalar as máis interesantes dende este punto de vista, e que son as provenientes de amizades nacionais e internacionais do mundo da etnografía como é o caso de Santos Júnior, Mario Cardozo, H. Schneider, L. Rodríguez de Viguri Gil, Carlos Velo, Ben-Cho-Shey, F. Kruger, F. Bouza Brey, L. Cuevillas, A. Fraguas, X. Taboada, N. de Hoyos, V. Paz-Andrade, V. Risco e Araújo Iglesias.

DOCUMENTOS PATRIMONIAIS:

- *documentación administrativa* de índole patrimonial: escrituras, recibos, títulos de propiedade, unha copia do seu testamento e outros documentos financeiros.

DOCUMENTOS DE FUNCIÓN:

- *relacionados coa súa actividade docente*: materiais relacionados coa súa profesión.
- *relacionados coa súa actividade intelectual e cultural*: notas tanto manuscritas como mecanografadas e debuxos do seu labor de investigación e traballos de etnografía, documentos das institucións coas que colaborou.
- *relacionados coa súa actividade sociocultural*: publicacións en congresos e na prensa.

FONDOS ESPECIAIS:

- *música*: colección de partituras tanto galegas como non galegas.
- carteis, láminas, mapas, almanaques.

COLECCIÓN FICTICIAS

- *documentos de contido diverso*, dende o político ao cultural, e de tipoloxía variada: carteis, láminas, folletos turísticos, festas e romaxes, referencias bibliográficas, recortes de prensa e cazapos,... recollidos por mor dos variados intereses do etnógrafo.
- *documentos alleos*, é dicir, non xerados polo titular do arquivo, e que sen embargo poden estar relacionados ou seren afíns ás persoas achegadas ou institucións de interese para a persoa que xera o arquivo.

No caso de Xocas, persoa de intensa actividade intelectual, estes alleos están vinculados ás súas áreas de investigación e campos de estudo. É habitual o in-

tercambio de materiais con afíns, e por iso nesta serie atópanse documentos de procedencia variada: dende algúns familiares como do seu pai, Xosé Lorenzo “Tabarra” e do seu irmán Xurxo Lorenzo, a outros máis ligados coa investigación, como é o caso de documentos de Luís Tobío Campos, Roxelio Rivero, Jesús López González, Bieito Fernández Álvarez e Ramón Otero Pedrayo, entre outros.



Aínda que supoñemos que as fontes de incorporación son directas, ante a imposibilidade de comparar e confirmar tódalas grafías, e polo noso propio descoñecemento, non descartamos que algúns textos, ou parte deles, poidan ser copias de orixinais. Tendo en conta as súas relacións persoais e profesionais imos facer un pequeno percorrido por esta documentación e, en particular, a relacionada con Ourense que pode ser consultada no MPG dentro deste grupo de *alleos* no Arquivo de Xaquín Lorenzo.

Airiños da miña terra: colección de cantares populares de Galicia recogidos por Luis Tobío Campos. Para el Folk-lore gallego. Brión 31 de Noviembre de 1880.

Tras deste título atopamos un texto manuscrito a dúas columnas e a dobre cara, que recolle cantares populares ordenados alfabeticamente pola primeira palabra do verso, aínda que non faltan engadidos, posiblemente posteriores, que rompen esta orde.

É un exemplar cosido a man, composto por 38 follas numeradas, de 27 x 20 cm. O seu estado de conservación é relativamente aceptable. Este texto foi publicado no ano 1985 por Edicións do Castro baixo o título *Colección de Cantigas da Mahía*, dentro da colección “Publicacións do Seminario de Estudos Galegos”, co limiar e notas do mesmo Xaquín Lorenzo.

O seu compilador foi Luís Tobío Campos (Lamiño, Brión, A Coruña, 1861 - Santiago, 1943). Mestre formado na Escola Normal de Santiago, despois de percorrer varias escolas galegas consegue praza en propiedade en Viveiro no 1892. Ao ano seguinte viaxa

L. Tobío Campos:
Colección de cantigas da Mahía

a Madrid para ampliar estudos na Escuela Superior de Magisterio, e alí entra en contacto coa Institución Libre de Enseñanza. De volta a Viveiro, as súas inquecundanzas intelectuais levarían a unha grande actividade docente e cultural plasmada en numerosas conferencias e artigos, algúns deles para o Boletín da Real Academia Galega, da que era membro correspondente. É en Viveiro onde publica a súa primeira obra *Ecos y esbozos*, en 1912, á que seguirán *Rosiñas da terra* e *Rimas galicianas*, publicadas en Santiago nos anos 1917 e 1935, respectivamente. Remata a súa traxectoria profesional na Escola Normal de Santiago, ata a xubilación.

O texto chega ás mans do etnógrafo sobre ano 1933, a través do fillo do compilador, o significado escritor e político Luís Tobío Fernández, dados os seus fortes vínculos cos irmáns Lorenzo dende os tempos en que todos eles estaban no Seminario de Estudos Galegos.

Bonitas tradiciones: trabajos inéditos para el Archivo de Tradiciones Populares del Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Revista de Tradiciones Populares.- Instituto Antonio de Nebrija” por D. Jesús López y González = (Silio Ben-Amor Albo-Hacén, “El Patriarca del Loyo”) = a D^a Nieves de Hoyos Sancho. 1944.

É outro dos manuscritos orixinais que se conservan no grupo de *alleos* do arquivo. Trátase dun texto manus-



J. López González: Bonitas tradiciones...

crita en castelán con citas literais en galego, a tinta azul composto por 67 follas, cosido e apaisado. A cuberta e o reverso de cada páxina levan un cuño co texto “Estación Fenológico Agrícola. Manzaneda - Orense - Trives - San Miguel”, e nalgunhas ademais outro da “Escuela Nacional Mixta de Requejo (Manzaneda)”. Cada capítulo ten unha extensión de entre 2-3 follas, e vai numerado de maneira independente dentro do conxunto total, asinado polo autor como “Silio Ben-Amor Albo-Hacén” e datadas en 1939. Recollen contos, ditos, rimas, trabalinguas, etc. da zona de Manzaneda, se ben hai algún de Santiago, en torno a costumes, supersticións, sabedoría popular... A maiores hai unha addenda de 1 folla solta, datada o 1 de xaneiro de 1948, escrita no reverso dunha papeleta timbrada da “Delegación Provincial de Sindicatos de Orense. Obra Sindical “Previsión Social”. Caja Sindical del Seguro de Enfermedad”. Partes deste traballo foron publicadas na mencionada *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* en 1945 [1 (3) p. 774-775], da que foi directora a tamén mestra, etnógrafa, folclorista e escritora cántabra, ademais de directora do Museo del Pueblo Español, Nieves de Hoyos Sancho. De feito, na capa hai unha nota transversal manuscrita que reza “Publíquense en la Revista de Tradiciones Populares si proceden.”

Poucos datos temos da vida de Jesús López y González, e só sabemos que se trata dun mestre católico da zona de Manzaneda (Ourense). O autor adoita empregar o pseudónimo de xeito habitual, e con ese nome asina os

artigos que publica nos suplementos da revista ourensá *Biblioteca de Misión, revista de la parroquia y la escuela*. Fundada no 1937 por Ricardo Outeiriño (director de *La Región*), e dirixida por Manuel González Cerezales durante a súa primeira época (1937-1939), esta publicación quincenal reuniu firmas da talla de Ramiro de Maeztu, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Hierro, Alfonso Iniesta, Álvaro Cunqueiro, Manuel Murguía... De feito, Vicente Risco chega a prologar un dos seus traballos para o Suplemento de *Misión*, o n. 168, 1-7-1938, que conservamos no MPG.

Cantigas de San Mamede de Grou

Baixo este título facticio agrupamos un conxunto de cantares recollidos na parroquia de Grou (Lobios). Trátase dun pequeno caderno raiado (15 x 10,5 cm.), con algunhas follas soltas. Son 48 páxinas escritas a lapis, algúns dos cantares cruzados cunha raia vertical, coma se adoita facer ao ir transcribindo algo para evitar confusións.

O autor é Bieito Fernández Álvarez, (Silvares de Grou, Lobios, 1909 - Lugo, 1999), e el mesmo entregou o manuscrito orixinal a Xaquín Lorenzo, tal e como este nos conta no seu compendio titulado *Cantigueiro Popular da Limia Baixa*, 1973, p. 8: “E Bieito Fernández Álvarez, que me regalou un fermoso mangado de cantigas de San Mamede de Grou.”

Fungueirazos: contos gallegos

Neste feixe de orixinais custodiados por Don Xaquín ao longo da súa vida inclúese tamén un texto de Roxelio Rivero (As Neves, ca. 1900 - ca. 193-?). O manuscrito do que falamos leva o seguinte texto na portada *A Cándido Otero: Amigo d`y-alma: Estas pobres páxinas, borfas de todo valimento literario... Rogelio Rivero.*

Está recollido nun caderno da marca "La Caravelle", co debuxo dunha carabela negra sobre un fondo vermello. Consta de 47 follas manuscritas, a dobre cara, con algunhas follas soltas pese á cinta adhesiva empregada para tentar preservar a integridade do conxunto.

to, cunhas medidas de 21 x 14 cm. Inclúe un índice na contracapa. O estado físico é moi deteriorado.

Componse dun grupo de pequenos textos publicado como *Fungueirazos: contos gallegos*, en Pontearreas na Imprenta de Saturnino Montero no ano 1916.

Roxelio Rivero publicou en numerosos xornais: *El Tea*, *Diario de Avisos*, *Heraldo de Zaragoza*, *Noticiero de Vigo*, *La Ráfaga*, *Vida Galega*, *Don Quijote*, *Tramancazos*, *El Soplete*, *Galicia* (Pontearreas), *El Azote* (do que tamén foi director) e *Tribuna*.


Homilía de D. Amando Arauxo na Santa Misa da festa da Nosa Señora do Viso o 22 de maio de 1983.

En 1983, Xaquín Lorenzo é nomeado *fillo predilecto* da provincia pola Deputación de Ourense. O documento corresponde ao acto celebrado nas terras de Lobeira na celebración na honra desta Virxe. Son 7 follas manuscritas da homilía pronunciada en galego durante a homenaxe na capela da Nosa Señora do Viso. O sacerdote, á vista do contido no discurso, é un amigo persoal de Xaquín Lorenzo.

Documentos de Vicente Risco: Cuestionario folklórico

As amizades de Xaquín Lorenzo, como dicíamos, marcan o carácter desta sección de *alleos* do arquivo, e por iso da súa con Vicente Risco dáse boa conta co feito de que no arquivo de Xocas estean documentos manuscritos e debuxos orixinais deste. Dada a proximidade persoal e dos intereses culturais de ambos, é lóxico e habitual o intercambio fluído de materiais como os que temos a sorte de conservar no MPG e que detallamos a continuación:


- Prólogo manuscrito de Vicente Risco a “Notas para un cuestionario de etnografía. As embarcacións”, escrito en galego e publicado en *Nós*, IX (108), 1932, pp. 229-230. Son 2 follas, escritas nunha cara, de 21 x 15 cm.
- Manuscrito en castelán que comeza “La forma típica del hábitat para la mayor parte de Galicia es la



R. Rivero: *Fungueirazos: contos gallegos*



V. Risco: Cuestionario folklórico



Varios caderniños do Cuestionario folklórico

aldea apiñada y cerrada...” e que trata sobre arquitectura popular. Componse de 4 follas escritas á unha cara. Inclúe copia mecanografada de 9 follas. As medidas son de 21 x 15 cm.

- Caderniño con debuxos e notas das marcas de canteiro do Pazo de Xelmírez, do Pórtico da Gloria, do castelo de San Martiño da Portela (actualmente Vilasobroso, Mondariz), do castelo de Ponferrada e da catedral de Ourense. Son 22 páxinas de 16 x 11 cm., cosidas e con algunhas follas arrincadas.
- Debuxos a lapis de Vicente Risco para “Una parroquia gallega en los años 1920-25”. Recollen debuxos de casas, escenas rurais, cabezas de gando, apeiros de labranza e enxoval doméstico, lápidas e mausoleos, escudos,... con breves anotacións en galego. Son 41 follas soltas non numeradas. O artigo saíu publicado na *Revista de dialectología y tradiciones populares*, t. XV, caderno 4º, 1959, pp. 401-433 e co mesmo título na Serie Alicerces do Museo do Pobo Galego, no 1993.

Hai outro grupo de debuxos da freguesía de San Pedro de Sabariz (Rairiz de Veiga). Inclúe un plano da igrexa en papel cebola de 34,5 x 23,5 cm., dous mapas topográficos de 28 x 20 cm., pero sen nomenclatura e un mapa do concello de Lobeira, de 59 x 44,5 cm. en escala de 1:30000 e debuxos de vivendas e notas topográficas.

- Crítica literaria do libro do etnógrafo e investigador portugués Armando de Mattos *A arte dos jugos e cangas do Douro-Litoral*, editado pola Junta de Provincia do Douro-Litoral (1942). Son 3 follas manuscritas en castelán, por unha cara, de 21 x 15 cm.
- Notas manuscritas para a elaboración dun texto sobre Murguía coa intención de que saíra publicado no t. 6 do *Arquivo do Seminario de Estudos Galegos*, pero que non chega a ver a luz. Son 6 follas de 12,5 x 9,5 cm.
- Debuxo a lapis dun canastro de Mondoñedo.

- Mecanoescrito de *Orden y caos: (ensayo de mitología)* (1958-1959), que publicará a editorial RIALP no ano 1963. Son 60 follas grampadas e numeradas.

- Cuestionario folclórico: texto mecanografiado. Guión a seguir na elaboración do “Cuestionario do folclore galego”, o proxecto apoiado polo Seminario de Estudos Galegos desde a Sección de Etnografía que dirixe Vicente Risco. É un caderniño de 54 páxinas, grampadas, de 16 x 21,5 cm.

Documentos alleos nos alleos

No Museo conservamos un conxunto de traballos que probablemente foran propiedade de Vicente Risco. Se trata das respostas ao “Cuestionario del Folk-Lore Galego”, que foron recollidas no 1932 por catro alumnas súas das zonas de Bande e de Entrimo.

Emilia Santos San Martín fai o seu traballo sobre Entrimo. Son parte dun caderniño apaisado cosido, de 41 follas, que inclúe 1 mapa pregado, 1 fotografía da Pía da Moura e 1 fotografía da igrexa parroquial, ambas as dúas en branco e negro. É un texto mecanografiado a unha cara e cunhas medidas de 33 x 22 cm. Está datado 23/5/1932.

Telesfora Represa consta que é alumna de 4º curso de 1931-1932 e o seu traballo trata sobre Bande, nun caderniño grampado, de 37 follas, apaisado e mecanografiado á unha cara, de 22 x 33 cm.

María Álvarez Fernández tamén fai o seu traballo da zona de Bande. É un caderniño grampado, de 19 follas, apaisado, manuscrito a unha cara e de 22 x 33 cm.

Finalmente, *Amparo Fernández de la Justicia* elabora o seu cuestionario folclórico sobre Bande nun caderniño grampado de 26 follas e manuscrito a unha cara, e unhas medidas de 33 x 22 cm.

Documentos sobre a vida e obra de Xan da Cova

Unha das xoias do arquivo é un pequeno conxunto de documentos asinados por Xan da Cova, Juan María de la Cova Gómez (Ourense, ca. 1829 - 1899),



Á. Noguero!: casa da rúa Pedreira, onde viviu Xan da Cova

o escritor e inventor galego descrito coma un dos personaxes máis extravagantes da vida cultural de Ourense. Perito agrimensor de profesión (ben considerado neste eido), ebanista, escultor, escritor, músico, inventor e poeta, tamén é recordado polo seu invento do *pirandárgallo*, un paraugas universal, que segundo argumentaba, “bastaba poñelo aberto no curuto do Polo Norte para que as pingueiras da chuvia nin sequera chiscasen a panza do Ecuador da Esfera Terráquea”. Escribiu pezas teatrais, dúas en galego, zarzuelas e óperas, malia que segundo as fontes da época, o contido das súas obras é de calidade pésima e carentes de acción e de interese. Tamén dirixiu *El Gracioso: Xornal moral, literario e recreativo, en prosa e verso*, un periódico bastante irregular, e inventou unha lingua, o *trampitán*.

Goretti Sanmartín descríbeteo como un personaxe singular, que deu lugar a numerosos comentarios sobre a súa figura e feitos, algúns de dubidosa veracidade, e ás veces contados de distintas maneiras, o

Sr. D. Vicente Arias

Muy Sr. mio: el Sr. D. Pedro Varqui Novoa que vive en esta Ciudad y Calle de la Penavigia, es encargado para dar fe en el proximo promovido por grande parte de los ejecutores poseedores de bienes sujetos a la venta de los P.P. Termitas, tienen alcanzado todo el mes de Agosto de espesa para hacerlo sin ser apremiado en dho termino, van transcurridos 17 dias y poco hecho; es indispensable V. el ser notificado, y me disp el D. Pedro tenia que pasar a' sea a' practicante dha diligencia, y por ocupaciones del Juzgado como Sr. que es de el, no lo pudo hacer, me encargó le escribiese a' V. para que si por casualidad venia a' esta lo dijese, y el pasara punto a' V. Comencare V. bueno y mande a' su afmo segun le vierdon. L.B.S. 16.

Juan de la Cova J. Gomez

Carta de Xan da Cova a Vicente Arias

que dá unha idea da proxección alcanzada por Xan da Cova na sociedade.

Pola súa curiosidade natural, Xocas investiga sobre este personaxe seguindo os estudos de Xesús Ferro Couselo, quen lle pasa o froito da súas pescudas. Por iso neste arquivo se conservan, ademais dalgunhas copias mecanografadas, unha selección das obras impresas de Xan da Cova:

- Gran victoria. Ópera en un acto. Ourense: Imprenta de coplas, 1894*
- Cervantes y el soldado. Ourense: Imprenta de coplas 1894*
- Los guerreros. Ourense: Imprenta de coplas 1895*
- Cuba es de España. Ourense: Imprenta de coplas 1895*
- La toma de Lanao, viva España. Ourense: Imprenta de coplas 1895*
- La trampitana, Ourense: imprenta de coplas 1895*
- Flores del milagro. Ourense: imprenta de coplas 1895*
- Razones de ley. Ourense: imprenta de coplas 1896*
- El conde y le marqués. Ourense: imprenta de coplas 1896*
- Todo está revuelto en el mundo. Ourense: imprenta de coplas 1896*
- La fidelidad. Ourense: imprenta de coplas 1897*
- Conquista de Méjico. Ourense: imprenta de coplas 1897*

Pero no conxunto de documentos da investigación de Don Xaquín sobre este autor, ademais, atopamos 5 debuxos de Ático Noguero Iglecias (Ourense, 1888-1942) pertencentes á serie que Xaquín Lorenzo dá ó Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Os cinco van acompañados de textos que os complementan e enriquecen. Entre os que se conservan no MPG varios corresponden, precisamente, á rúa Pedreira de Ourense, na que vivía Xan da Cova, e algún deles é da propia casa con máis detalle, o número 13 desa rúa, dato que o mesmo debuxante sinala nas notas. Ático Noguero foi compañeiro de escola de Vicente Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas e pertence a este grupo de intelectuais e amigos ourensáns.

De puño e letra de Xan da Cova só temos unha carta súa dirixida á Vicente Arias, referente a uns bens patrimoniais. É un texto manuscrito nunha folla de 22 x 8 cm.

A Estadea ou Pranto polo Seminario de Estudos Galegos

É o último dos alleos orixinais que traemos a estas páxinas. É ben coñecido este poema de 138 versos, en latín e galego, que D. Ramón Otero Pedrayo lle enviara a Xaquín Lorenzo recreando unha Santa Compañía formada por dez persoas comprometidas co Seminario, que coa súa desaparición “morren” con el. Os ilustres integrantes desta lúgubre procesión son: Vicente Risco, Luís Iglesias, Isidro Parga Pondal, Antonio Iglesias Vilarelle, Florentino López Cuevillas, Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey, Xesús Carro, Xaquín Lorenzo e o propio Ramón Otero Pedrayo.

A Estadea ou Pranto polo Seminario de Estudos galegos é un manuscrito de 2 follas, escritas polas dúas caras, e que remata cuns debuxos de temática funeraria: uns cipreses, unha tumba e unha caveira.



Ex-libris X. Lorenzo

Está datada polo propio Xocas co seguinte texto: “Esta carta foi recibida por min no mes de setembro do ano 36, cando cheguei á miña casa de Ourense despois de ser ferido na guerra civil. Enviouma don Ramón Otero Pedrayo dende a súa vivenda, enfrente [sic] na rua da Paz, unha hora despois do meu arribo”.

Como recorda D. Xesús Alonso Montero, trátase dun “poema manuscrito de destinatario privado, é un caso claro de literatura clandestina feita no exilio interior para desfogo e consolo”.

A Estadea foi publicada polo MPG no 1998, na serie Alicerces.

Xaquín Lorenzo Fernández, home xeneroso, conservou estes documentos, e moitos máis, pero non con afán coleccionista senón como fonte de información e investigación de primeira man, procurando publicalos, e citando sempre e agradecendo a colaboración daqueles que contribuíron coas súas achegas ao desenvolvemento dos seus traballos científicos.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, Xesús. *Beatus qui legit*. Santiago: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2000.
- CUESTIONARIO DO FOLCLORE GALEGO. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1994.
- FERRO RUIBAL, Xesús. *Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro*. Cadernos de Fraseoloxía Galega, 10, 2008, 241-253.
- GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 1974-2000.
- OTERO PEDRAYO, Ramón. *A Estadea*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1998.
- REVISTA DE DIALECTOLOGÍA Y TRADICIONES POPULARES. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1944. [1945, 1, (3) p. 774-775].
- RISCO, Vicente. *Unha parroquia galega nos anos 1920-1925*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1993.
- SANMARTÍN REI, Goretti. *O teatro de Xan da Cova: La Galiciana e María Pita*. A Coruña, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2002.
- TOBIO CAMPOS, Luís. *Colección de cantigas da Mahía*. Sada: Edicións do Castro, 1985.